

Cartografías da escoita. Son e lugar

Horario e datas

Martes, 22 de xaneiro

16:00 h Presentación

16:30 h Brandon LaBelle

18:00 h Bill Fontana

Mércores, 23 de xaneiro

16:00 h John Levack Drever

17:30 h José Luis Carles

19:30 h Peter Cusack

Xoves, 24 de xaneiro

16:00 h Jean-Paul Thibaud

17:30 h Carmen Pardo

19:30 h Llorenç Barber

Esta serie de conferencias complétase co ciclo de cine *Audiovisións* que terá lugar no CGAC do 4 ao 16 de marzo de 2008.

Dirección do ciclo: Colectivo Escoitar.org

Proxecto-Edición é unha iniciativa coproducida pola Fundación Luís Seoane, MARCO e CGAC co fin de explorar as posibilidades que os diferentes soportes da edición contemporánea teñen nas mans dos artistas.

Para máis información sobre as actividades vinculadas ao proxecto poden consultar a páxina web www.proxecto-edicion.net.

Un lugar, como espazo habitado e cargado de significado, como espazo de identidade, relacional e histórico, está construído, en gran medida, de memoria, e unha importante parte desa memoria, quer individual ou colectiva, é o resultado de nosa escoita.

Cada lugar e cada situación –pero tamén cada acto e cada instante– están vencellados inexorablemente a uns sons concretos que os caracterizan e os identifican, ou os individualizan, fronte ás acústicas doutros espazos e contextos. Nos últimos anos conceptos coma *paisaxe sonora* ou *auralidade* funcionaron como un importante vínculo entre disciplinas. O son que nos rodea, que nos acompaña e que producimos consciente ou inconscientemente converteuse así nunha información e nun material cada vez máis relevante para a creación artística, a expresión musical, a antropoloxía, a filosofía, a arquitectura, o urbanismo, a ecoloxía, a historia, a psicoloxía...

Neste contexto cómpre propoñer novas estratexias que nos permitan asumir a complexidade sonora da nosa realidade, comprender en que medida o son nos informa dun lugar para, dende o oído, elaborar novas formas de coñecemento e de expresión que eviten o silencio e a frontalidade co fin de permitir outras cartografías sensibles.

Escoitar.org é unha asociación cultural de ámbito supraprovincial, cuxo principal obxectivo é o fomento e a promoción do fenómeno sonoro como vía de coñecemento da sociedade galega. Forma parte de *Proxecto-Edición* (CGAC, MARCO e Fundación Luís Seoane) e atende a unha das liñas de traballo do grupo de investigación DX7 Tracker da Universidade de Vigo, no que está actualmente integrado. As súas actividades céntranse na conservación da memoria sonora de Galicia, a posta en valor do patrimonio cultural inmaterial, a restauración e dixitalización de arquivos sonoros, o fomento da participación dos oíntes na configuración do patrimonio sonoro e, sobre todo, nos traballos de campo/gravación e contextualización dos sons ambientais do país a partir do punto de vista artístico, etnomusicolóxico, bioacústico e antropolóxico. Esta liña de traballo materializouse nunha aplicación web que permite aos propios oíntes consensuar o mapa sonoro de Galicia.

Colectivo Escoitar.org
www.escoitar.org

Escoitar.org

Cartografías da escoita. Son e lugar
Ciclo de conferencias
22/24 xaneiro 2008

Audiovisións
Ciclo de cine
4/9 e 11/16 marzo 2008



Bill Fontana os seus traballos encádranse no marco da escultura e a instalación sonora. Participou na 47ª. Bienal de Venecia e as súas obras foron presentadas en espazos como a Tate Modern. Algunhas das súas instalacións forman parte de coleccións coma a do MOMA de San Francisco, e outras están situadas en lugares coma o metro de Colonia. Impartiu clases no California College of Arts and Crafts, no San Francisco Art Institute e na Sorbona de París. Conta ademais cun importante número de gravacións, entre as cales destacan *Harmonic Bridge*, *Sonic Landscaping*, *Sounds of the British Coast* ou *Sounds of the Old City of Jerusalem*.

Brandon LaBelle é un artista e escritor que traballa con sons, lugares, corpos e narracións culturais. En 2004 presentou unha exposición individual na galería Singuhr de Berlín, e en 2005 unha composición experimental para baterías pirata como parte de *Virtual Territories* (Nantes, Francia). Na actualidade traballa nun proxecto de construción dunha biblioteca de gravacións de radio chamado *Phantom Radio*, que se presentou no outono de 2006 como parte de Radio Revolten (Halle, Alemaña). É o autor do libro *Background Noise: Perspectives on Sound Art* publicado por Continuum en 2006.

Carmen Pardo Salgado é doutora en Filosofía pola Universitat de Barcelona. Entre 1996 e 1998 traballou como investigadora na unidade IRCAM-CNRS de París. É editora e tradutora de *Escritos al oído* de John Cage (Colegio Oficial de Aparejadores y Técnicos de Murcia, 1999) e *Robert Wilson* (Polígrafa, 2002), en colaboración con Miguel Morey. Escribiu o libro *La escucha oblicua: una invitación a John Cage* (Servicio de Publicaciones de la Universidad Politécnica de Valencia, 2001); organizou, entre outros, o coloquio internacional *Músicas, artes y tecnologías: por una aproximación crítica* (Barcelona/Montpellier 3, 2000) e foi codirectora do espectáculo *Bosque sonoro: Homenaje a John Cage* (Barcelona, 2003).

Llorenç Barber é compositor, instrumentista e musicólogo. Estudou Piano e Composición no Conservatorio Superior de Música de Valencia e licenciouse en Filosofía pola Universidade Complutense de Madrid, onde dirixiu a aula de música entre 1979 e 1984. Participou como creador e intérprete en grupos como Actum (1973), Taller de Música Mundana (1978) e Flatus Vocis Trío (1987). Foi fundador e director de *Ensems*, o festival de música contemporánea de máis sonda de España, e colaborou no programa *El mirador* de Televisión Española entre 1987 e 1990. Na actualidade é profesor do Instituto de Estética de Madrid e director de *Paralelo Madrid* –serie de concertos que o Círculo de Bellas Artes lles dedica ás outras músicas– e do festival *Nit's d'aielo i art*.

Peter Cusack radicado en Londres, traballa como artista sonoro e músico, ademais de gravar sons do medio natural e de interesarse especialmente pola ecoloxía acústica. Os seus proxectos van dende as artes comunitarias ao estudo do papel que desempeña o son na nosa concepción do lugar. O seu proxecto, *Sounds from Dangerous Places*, examina os sons da paisaxe naqueles lugares que sofren un importante dano ambiental. Produciu *Vermilion Sounds* –o programa do medio natural sonoro– para Resonance FM Radio, Londres; ensina *Sound Arts & Design* no London College of Communication e é investigador adxunto do proxecto multidisciplinar *Positive Soundscapes Project*, financiado polo EPSRC. Entre os seus CD cóntanse *Your Favourite London Sounds* (Resonance), *Baikal Ice* (ReR) e *Favourite Sounds of Beijing* (Subjam).

Jean-Paul Thibaud é sociólogo e urbanista. Traballa como investigador no CNRS (Centre national da recherche scientifique) e o laboratorio CRESSON (Centre de recherche sur l'espace sonore et l'environnement urbain). Nas súas investigacións ocúpase da teoría dos ambientes urbanos, a percepción habitual en ambientes urbanos, a cultura sensorial e a etnografía dos lugares públicos. É coordinador científico da International Ambiance(s) Network.

John Levack Drever é investigador de paisaxes sonoras e artistas sónicos. O seu traballo céntrase no son ambiental e nas emisións sonoras humanas. Forma parte de gran cantidade de comisións, dende a Royal Society for the Protection of Birds (2002) ata o Grupo de Investigadores Musicais (1999). É o presidente da UK and Ireland Soundscape Community, que pertence ao Foro Mundial de Ecoloxía Acústica, e é director de Sonic Arts Network. Actualmente imparte clases de composición en Goldsmiths, University of London.

José Luis Carles é doutor en Ecoloxía pola Universidade Autónoma de Madrid e compositor experto en música electroacústica e paisaxes sonoras. Traballou no Instituto de Acústica do CSIC como investigador nas áreas de percepción sonora, análise cualitativa do medio natural sonoro e interacción entre percepción visual e percepción sonora. Foi profesor de son na Facultade de Cinematografía da Universidade de León. Participou en calidade de experto en electroacústica na remodelación do Teatro Real de Madrid. En 2006 obtivo o primeiro premio no Concours International de Musique et d'Art Sonore Électroacoustique de Bourges (Francia). Na actualidade é realizador do programa Paisajes sonoros de Radio Clásica-RNE e profesor no Departamento de Música da Universidade Autónoma de Madrid.

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n

15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623-31 / Fax: 981 546 605

www.cgac.org

cgac.actividades@xunta.es

www.proxecto-edicion.net info@proxecto-edicion.net



proxecto-edición

Programa Audiovisións

- Martes, 4 de marzo, 20:15 h**
Rockers. It's Dangerous (Theodoros Bafaloukos, 1977)
- Mércores, 5 de marzo, 20:15 h**
Theremin: An Electronic Odyssey (Steven M. Martin, 1994)
- Xoves, 6 de marzo, 20:15 h**
Modulations: Cinema for the Ear (Iara Lee, 1998)
- Venres, 7 de marzo, 20:15 h**
My Cinema for the Ears (Uli Aumüller, 2002)
- Sábado, 8 de marzo, 20:15 h**
Kill Your Idols (Scott Crary, 2004)
- Domingo, 9 de marzo, 20:15 h**
Touch the Sound (Thomas Riedelsheimer, 2004)
- Martes, 11 de marzo, 20:15 h**
Crossing the Bridge. The Sounds of Istanbul (Fatih Akin, 2005)
- Mércores, 12 de marzo, 20:15 h**
Die grosse Stille (Philip Gröning, 2005)
- Xoves, 13 de marzo, 20:15 h**
Rize (David LaChapelle, 2005)
- Venres, 14 de marzo, 20:15 h**
American Hardcore (Paul Rachman, 2006)
- Sábado, 15 de marzo, 20:15 h**
Periféricos (Xosé Holgado, Carlos Méndez e Tamara Blanco, 2006)
- Domingo, 16 de marzo, 20:15 h**
We Built this City (2006) (Thomas Kappeller e Sebastian Züger, 2006)

Inscripción

A entrada ás conferencias e ao cine é libre e gratuíta, aínda que tamén existe a posibilidade de inscribirse no ciclo e obter o certificado de asistencia.

As solicitudes pódense presentar por fax, correo electrónico, a través da páxina web, ou ben na recepción do CGAC, indicando nome, teléfono e enderezo postal e electrónico.

Matrícula: 12 euros

Membros da Asociación de Amigos do CGAC: 9 euros

Para formalizar a matrícula é preciso recoller o formulario de pagamento na recepción do CGAC e facer o ingreso nas entidades bancarias indicadas.

Os solicitantes deberán entregar unha copia da folia de pagamento e unha fotocopia do DNI.

As universidades de Vigo e Santiago concederán un crédito de libre configuración pola asistencia ás dúas actividades.